CONCELLO DE SANTIAGO

COMPOSTELA ABERTA

PROPOSTA DE APARCADOIRO PARA O MERCADO DE ABASTOS DE COMPOSTELA

A Praza de Abastos de Santiago creouse a finais do século XIX, para evitar a dispersión dos postos de venda ambulante de alimentos que ata entón estaban repartidos por toda a cidade. O lugar elixido para concentralos e crear o mercado de Compostela foron as antigas hortas do Conde de Altamira. As actuais naves levantáronse en 1937, seguindo un proxecto do arquitecto Joaquín Vaquero Palacios.

Na actualidade, o Mercado de Abastos é xestionado por unha cooperativa con 65 socios e socias, malia que o número total de negocios chega aos 110. A afluencia de público fluctúa durante os días da semana, sendo os máis intensos os martes, xoves e sábados. Nestas xornadas, estímase que polas instalacións poden paar máis de 4.000 persoas, sen contar a afluencia turística que fai que a Praza sexa o segundo lugar máis visitado de Compostela despois da Catedral.

Ao longo da súa historia a Praza tivo altibaixos, mais sempre foi unha peza fundamental do sistema de abastecemento alimentario da cidade, sendo o o punto de encontro entre os produtores e produtoras da comarca e os consumidores e consumidoras.

O Mercado de Abastos representa o que, nesta modernidade na que parece que inventamos todo, etiquetamos como “consumo de proximidade” ou “produto de km0”.

A localización da Praza dentro da Cidade Histórica provoca tensións entre o uso do transporte vinculado á mesma e a conservación do patrimonio, tensións comúns a outras instalacións da zona vella. O fluxo de tráfico circular por Tras San Fiz de Solovio, Praza da Universidade e Arco de Mazarelos, relacionado na súa maior parte coa actividade do mercado, causaba un permanente deterioro do enlousado por mor do paso de camións, e afeccións ao único arco da antiga muralla de Compostela que queda en pé, o Arco de Mazarelos.

Por iso, desde CA propuxemos a peonalización do ámbito do Arco de Mazarelos, pechando así o proceso de peonalización da cidade vella que se iniciara co alcalde Xerardo Estévez en 1993 e corrixindo a disfunción que supuña o uso destas rúas polo tráfico rodado.

Mais esta peonalización débese facer atendendo as particulares características da contorna e ao protagonismo que nela tén a Praza de Abastos, referente de comercio non só para a cidadanía de Compostela senón para toda a comarca, tanto para particulares como para Horeca.

Velaí a razón desta proposta de organización do tráfico no ámbito de influencia do Mercado. O obxectivo é compatibilizar a protección patrimonial co sevizo á Praza para dotala da capacidade de poñer en valor as súas características singulares nun campo de actividade cada vez máis monopolizado polas grandes superficies.

A proposta céntrase no uso da rúa Travesa da Universidade como zona de aparcamento con tarifa ORA de curta duración entre as 7:00 e as 15:00, usando a rúa Travesa de San Fiz como acceso e saída do mesmo.

Esta solución permite atender os dous problemas que se producen nese entorno:

1. Dótase de espazos de aparcamento de alta rotación para garantir servizo ao Mercado e aos comercios da zona na mesma liña de uso que se fai na Praza da Algalia de Abaixo, compartindo amabas as características de espazos case periféricos do Casco Histórico.

2. Elimínase o tráfico rodado da Praza da Universidade e Arco de Mazarelos

A intervención sobre o espazo para acometer con garantías a xestión do tráfico rodado é moi sinxela e de baixo custo.

A PROPOSTA

A aplicación do plan esixe actuar en tres espazos distintos:
1. Contorna de Tras de San Fiz e Travesa da Universidade (Anexo I)
2. Rúa Mazarelos na franxa posterior ao Arco de Mazarelos (Anexo II)
3. Rúa Virxe da Cerca (anexo III)
4. Control automatizado das prazas de aparcamento

1. Contorna de Tras de San Fiz e Travesa da Universidade (Anexo I)

A actuación consiste en habilitar a circulación dos vehículos en modo rotonda arredor dun espazo central con aparcamento en batería, accedendo e saíndo por Tras San Fiz.

O fluxo de tráfico sería entrante ao carón da Igrexa de San Fiz de Solovio e saínte ao carón do lateral da Facultade de Historia, que tamén contaría con aparcamento en liña. O aparcamento en Tras de San Fiz quedaría eliminado.

Necesidades:

- Traslado dos actuais bolardos móbiles ao acceso da Praza de San Fiz de Solovio ou no seu defecto ao remate da banda de aparcamento da Travesa

da Universidade para pechar o acceso á Praza da Universidade/Arco de Mazarelos (ver Anexo I, nº1)

- Instalación de cadanseu espello para facilitar a incorporación a Tras San Fiz desde a Travesa da Universidade e a rúa Virxe da Cerca desde Tras San Fiz (ver Anexo I, nº2)
- Eliminación do mobiliario urbano na zona central, respectando as árbores (ver Anexo I, nº3)
- Instalación de bolardos de protección que delimiten o acceso peonil e que protexan o lateral da Igrexa de San Fiz de Solovio (ver Anexo I, nº4)
- Trasladar 10 metros en direccíón a Porta do Camiño do paso de peóns que dá acceso desde a beirarrúa de Virxe da Cerca para facilitar a incorporación de vehículos e aumentar a seguridade dos peóns. (ver Anexo I, nº5)
- Instalación da sinalética vertical e horizontal precisa.

2. **Rúa Mazarelos na franxa posterior ao Arco de Mazarelos (Anexo II)**

    - Habilitar como aparcamento de motocicletas o primeiro tramo da rúa Mazarelos, accedendo e saíndo por Virxe da Cerca. (ver anexo II, nº6)
    - Instalación da sinalética vertical e horizontal precisa

3. **Rúa Virxe da Cerca (anexo III)**

    Reconverter o aparcadoiro de motos en Virxe da Cerca á altura da EASD Mestre Mateo a automóbiles con zona ORA alta rotación (ver anexo III, nº7). Trasladar aparcadoiro de motos á rúa de Mazarelos (ver anexo II)

4. **Control automatizado das prazas de aparcamento**

    A sensorización das prazas de aparcamento mediante o sistema menos invasivo posible permitirá ofrecer en tempo real o número de prazas dispoñibles que se trasladarían a paneis informativos situados en ambalas dúas beiras de Virxe da Cerca e así evitar o tráfico parásito e innecesario na procura dunha praza de aparcaento.

Esta actuación habilita entre 25 prazas de aparcamento de alta rotación para uso do comercio da zona. Propoñemos tamén avaliar a pertinencia da conversión destas prazas de aparcamento en espazos para residentes polas noites e nas fins de semana, a partir das 15.00 horas dos sábados, contribuíndo desta maneira a facilitar a recuperación do uso residencial do mesmo.

ANEXO I Contorna de Tras de San Fiz e Travesa da Universidade



Anexo II. Rúa Mazarelos na franxa posterior ao Arco de Mazarelos



Anexo III. Rúa Virxe da Cerca á altura da EASD Mestre Mateo